

DE PLENA ACTUALIDADE

Boletín con todas as novidades de FADEMGA Plena inclusión Galicia para o mes de SETEMBRO.

FADEMGA

Plena inclusión Galicia

Actualidade de setembro



ACTUALIDADE

SUSTENTABILIDADE

SOSTER PARA AVANZAR

24 DE SETEMBRO



LIGAZÓNS DE INTERESE:

Programa

Inscrición

Plena inclusión abre o prazo de inscrición para a xornada ‘Soster para avanzar: aprendizaxes e estratexias para a sostenibilidade organizacional nas entidades de Plena inclusión’.

O encontro, organizado por Plena inclusión Confederación e FADEMGA Plena inclusión Galicia, celebrarase o próximo 24 de setembro de 2026, de 10.00 a 18.00 horas, no Paraninfo da universidade da Coruña.

UN ESPAZO PARA COMPARTIR E APRENDER

Esta xornada será un lugar de encontro para compartir ideas, experiencias e coñecementos sobre como mellorar a sostenibilidade das organizacións do movemento asociativo de Plena inclusión.

MIRADA AO FUTURO

A xornada incluirá ademais contidos sobre tendencias e recomendacións para avanzar na sostenibilidade económica das organizacións. Para iso, compartiranse resultados de estudos realizados por Plena inclusión e a Universidade da Coruña, entre eles, a análise sobre sostenibilidade económica. Haberá tamén un espazo de debate para reflexionar sobre os retos de futuro.


A QUEN VAI DIRIXIDA?

Esta xornada está pensada especialmente para persoas que:

- Toman decisións nas organización
- Forman parte de equipos de dirección ou coordinación
- Traballan en planificación e Xestión
- Participan en órganos de goberno
- Dirección de Recursos Humanos

A xornada ten 250 prazas, que se asignarán por orde de inscrición.

ACTUALIDADE



IV XORNADA

XORNADA SOBRE SAÚDE MENTAL E DISCAPACIDADE INTELECTUAL EN BURELA

INSCRICIÓNS ABERTAS ATA O 25 DE SETEMBRO

LIGAZÓNS DE INTERESE:

Programa

Inscrición

Como podemos detectar e previr os problemas de saúde mental nas persoas con discapacidade intelectual?
Que necesidades específicas teñen as persoas adultas e maiores con síndrome de Down?
Como podemos apoiar tamén as súas familias?

O próximo 2 de outubro, Burela acollerá a VI Xornada sobre Saúde Mental e Discapacidade Intelectual, un encontro dirixido a profesionais, familias, estudantes e entidades interesadas en mellorar a atención e os apoios que reciben as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

A xornada permitirá coñecer novos enfoques, compartir experiencias e avanzar cara a unha atención máis coordinada, integral e centrada en cada persoa.

A quen se dirixe?
- Profesionais dos ámbitos sanitario e sociosanitario.
- Profesionais que prestan apoios a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Estudantes de Educación Social, Traballo Social, Terapia Ocupacional, Psicoloxía, Medicina, Enfermaría e outras titulacións relacionadas.
- Familiares de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Entidades e persoas interesadas nesta temática.

Esta sexta edición dá continuidade ás cinco xornadas anteriores, declaradas de interese sanitario pola Consellería de Sanidade e está organizada pola Asociación Aspanane en colaboración con FADEMGA Plena inclusión Galicia.

ACTUALIDADE



FAMILIAS

SERVIZO DE CONCILIACIÓN

OUTUBRO E NOVEMBRO

LIGAZÓNS DE INTERESE:

Programa e documentación para a solicitude

Dende FADEMGA Plena inclusión Galicia abrimos convocatoria para solicitar praza nalgunha das catro quendas con aloxamento do Servizo de Conciliación Familiar que ofreceremos durante os meses de outubro e novembro en diferentes localidades galegas. Cada quenda contará con sete prazas e terá unha duración de tres días. En total, estarán dispoñibles 28 prazas para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

O Servizo de Conciliación Familiar ofrece ás familias un tempo para descansar, atender outras responsabilidades ou recuperar forzas, mentres as persoas participantes desfrutan dunha estancia con apoios adaptados ás súas necesidades. Estes períodos de descanso favorecen o benestar de toda a unidade familiar e axudan a manter os coidados e os apoios dun xeito máis sostible.

DATAS E DESTINOS

Do 9 ao 12 de outubro | Hotel A Queimada, Nigrán | 7 prazas|
Do 22 ao 25 de outubro | Balneario Baños da Brea, Vila de Cruces | 7 prazas
Do 5 ao 8 de novembro | Balneario Augas Santas, Pantón | 7 prazas
Do 19 ao 22 de novembro | Hotel Spa Norat, O Grove | 7 prazas

En todas as quendas, a entrada realizarase ás 18:00 horas e a saída ás 17:00 horas.

ACTUALIDADE



FORMACIÓN EN LIÑA

DESENVOLVEMENTO DE EQUIPOS DE ÉTICA DAS ENTIDADES DE PLENA INCLUSIÓN

INSCRICIÓNS ABERTAS
ATA O 21 DE SETEMBRO

LIGAZÓNS DE INTERESE:

Inscricións

Información na web de Plena inclusión

No marco do programa de Fortalecemento organizacional, en setembro de 2026 dará comezo o itinerario formativo "Desenvolvemento dos Equipos de Ética en entidades de Plena inclusión", unha iniciativa orientada a reforzar a incorporación da ética á vida cotiá das organizacións.

O Código Ético de Plena inclusión constitúe unha referencia esencial para orientar a toma de decisións, revisar prácticas, mellorar os apoios e garantir relacións respectuosas coas persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento e coas súas familias. Este itinerario busca avanzar na súa aplicación práctica e contribuír á creación e consolidación de equipos de ética dentro das entidades.

A formación está dirixida tanto a entidades que xa dispoñen dun equipo de ética como a aquelas que aínda non o teñen constituído. Para estas últimas, celebrarase unha sesión inicial na que se abordarán as funcións destes equipos, os pasos necesarios para poñelos en marcha e a súa integración no itinerario formativo.

As sesións desenvolveranse en formato online e en directo entre setembro e decembro de 2026. Entre os contidos traballaranse a ética no día a día, a dignidade e o recoñecemento da persoa, a autonomía, os conflitos de valores, a toma de decisións, os métodos deliberativos e a análise de casos prácticos.

O itinerario contará coa participación de persoas expertas de Plena inclusión e do ámbito académico, entre elas José-Félix Lozano, Pedro del Río e Inés de Araoz, así como integrantes do Comité de Ética de Plena inclusión. As persoas que completen a formación recibirán un certificado de participación.

ACTUALIDADE

FORMACIÓN

CON VOZ PROPIA- EDICIÓN VOLUNTARIADO

SETEMBRO-NOVEMBRO 2026



LIGAZÓNS DE INTERESE:

[Información na web de Plena inclusión]

As persoas voluntarias serán protagonistas da terceira edición formativa de "Con Voz Propia", tras dúas edicións dirixidas a familiares e persoas con discapacidade intelectual nas que participaron máis de 600 persoas.

Nesta ocasión, as formacións en liña estarán organizadas en 7 barcos formativos, con contidos relacionados coa participación, os dereitos, a inclusión ou o activismo das persoas voluntarias, entre outras temáticas.

A edición dará comezo o 29 de setembro.



FORMACIÓN EN LIÑA

CLAVES PARA AVALIAR AS NECESIDADES DE APOIO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

SETEMBRO-NOVEMBRO 2026

LIGAZÓNS DE INTERESE:

[Información e inscricións do curso]

O Centro Español de Accesibilidade Cognitiva (CEACOG), xestionado por Plena inclusión, ofrece dúas novas edicións deste curso en liña dirixido a psicólogos e psicólogas forenses.

O curso desenvólvese integramente de forma en liña, en modalidade autoformación, cunha duración de 40 horas. Xa está aberta a inscrición para as dúas edicións, con prazas limitadas.

A formación busca ofrecer coñecementos e ferramentas para comprender a discapacidade intelectual desde un enfoque social e de dereitos, identificar e avaliar as necesidades de apoio de cada persoa e mellorar a comunicación durante os procesos de avaliación.

Tamén se abordará o papel da persoa facilitadora procesual, as técnicas de observación e entrevista, o uso de escalas e instrumentos de valoración, a elaboración de informes psicolóxico-forenses e aspectos como a saúde mental, a patoloxía dual e as consideracións éticas que deben terse en conta nestes procesos.

ACTUALIDADE

WEBINAR

CLAVES PARA UNHA IMPLEMENTACIÓN INCLUSIVA DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2026-2030

30 DE SETEMBRO



LIGAZÓNS DE INTERESE:

Información e rexistro

Esta sesión está impulsada pola Alianza pola Vivenda Inclusiva, integrada por Fundación Secretariado Xitano, HOGAR SI, Plena Inclusión e Provivienda, co obxectivo de compartir propostas, experiencias e aprendizaxes que axuden a reforzar o impacto social das políticas de vivenda e a mellorar o acceso aos recursos das persoas en situación de maior vulnerabilidade.

Será unha oportunidade para reflexionar conxuntamente sobre como avanzar cara a unha implementación máis inclusiva e eficaz do novo Plan Estatal de Vivenda.

IGUALDADE

POSICIONAMIENTO INSTITUCIONAL DE IGUALDADE DE XÉNERO DE PLENA INCLUSIÓN



LIGAZÓNS DE INTERESE:

[Cuestionario]

[Actividade grupal]

Desde Plena inclusión Confederación están a traballar na revisión e actualización do posicionamento institucional sobre Igualdade de Xénero.

Trátase dun documento que nos orienta no noso compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e axúdanos a promover os dereitos das mulleres con discapacidade intelectual e do desenvolvemento.

Invitamos as organizacións e persoas que forman parte do noso movemento asociativo a completar o cuestionario en liña e a difundilo, para que esta actualización recolla os retos actuais.

Tamén poden colaborar realizando a actividade grupal “Misión Igualdade”, unha dinámica participativa na que un grupo de persoas da túa organización reflexione sobre este tema.

CAMPAÑA

NON DECIDAS POR MIN



LIGAZÓNS DE INTERESE:

[Consulta aquí os vídeos da campaña]

Plena inclusión España lanzou a campaña #NoDecidasPorMí, unha iniciativa que mostra situacións cotiás nas que as persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento son invisibilizadas ou minusvaloradas.

A través de diferentes vídeos, a campaña pon o foco en actitudes de infantilización e paternalismo que limitan os seus dereitos, como falar no seu nome ou tomar decisións no seu lugar.

A campaña forma parte do compromiso histórico de Plena inclusión coa promoción da autonomía persoal, a vida independente e a participación das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento en todos os ámbitos da sociedade.

AVANCE

24 ENCONTRO DE PERSOAS AUTOXESTORAS

INSCRICIÓN ABERTAS
A PARTIR DO 8 DE SETEMBRO



Un pequeno avance do que vén para as persoas autoxestoras!

Será unha xornada para tomar a palabra, compartir experiencias e aprender en común.

Falaremos de participación, envellecemento e futuro; e pola tarde poderemos elixir entre obradoiros sobre conflitos, redes sociais e intelixencia artificial, ocio inclusivo e sexualidade.

E, para rematar, música e tempo para celebrar!

A partir do 8 de setembro, o programa completo e as inscricións estarán dispoñibles a través da nosa web.

Premios, concursos e boas prácticas



CONCURSO DE VÍDEOS

«UNHA SABIA DECISIÓN»

CONVOCATORIA ABERTA
ATA O 12 DE OUTUBRO



LIGAZÓNS DE INTERESE:

Información do Concurso

Como parte do 2º Congreso Internacional de Educación Inclusiva organizado por Plena inclusión, propoñemos a familiares, docentes, alumnado e ao resto da comunidade educativa que nos conten, a través de vídeos, experiencias e traballos relacionados coa inclusión educativa nos colexios e institutos de España.

Os vídeos poderán presentarse ata o 12 de outubro e os premios entregaranse no mesmo, o día 26 de novembro de 2026 en Toledo.

CONCURSO DE VÍDEOS

A MIÑA PERSOA VOLUNTARIA FAVORITA

CONVOCATORIA ABERTA
ATA O 15 DE OUTUBRO



LIGAZÓNS DE INTERESE:

Información do Concurso

Plena inclusión España, xunto ás súas dúas entidades estatais membro, LIBER e Special Olympics, poñen en marcha o concurso ‘A miña persoa voluntaria favorita’, unha iniciativa que busca visibilizar e recoñecer o compromiso das persoas voluntarias que colaboran no ámbito da discapacidade intelectual e do desenvolvemento.

Unha actividade que se enmarca no Ano Internacional das Persoas Voluntarias 2026, impulsado pola ONU para destacar a contribución do voluntariado a unha sociedade máis inclusiva.

RECOÑECEMENTO

PRÁCTICAS DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA NA ADMINISTRACIÓN

CONVOCATORIA ABERTA
ATA O 20 DE OUTUBRO



LIGAZÓNS DE INTERESE:


Información do Concurso

O Centro Español de Accesibilidade Cognitiva (CEACOG), dependente do Real Padroado sobre Discapacidade e xestionado por Plena inclusión, abriu unha convocatoria para recoñecer prácticas dirixidas a mellorar a accesibilidade cognitiva realizadas por administracións públicas nos seus diferentes niveles concellos, deputacións, comunidades autónomas e organismos da Administración Xeral do Estado-.

As prácticas poden presentarse a través dun formulario en liña, desde o 7 de setembro ao 20 de outubro.

Invitamos as entidades a difundir esta convocatoria entre distintas administracións coas que colaborasen no desenvolvemento destas prácticas.

Todo o ano



TODO O ANO

FORMACIÓN

IA AO SERVIZO DAS ENTIDADES SOCIAIS



LIGAZÓNS DE INTERESE:

INSCRICIÓNS

Esta formación en liña en colaboración con Microsoft axuda a comprender que é a IA e como pode utilizarse para mellorar a vida diaria, a comunicación e a autonomía das persoas, ademais de facilitar o traballo en equipo e a innovación dentro das organizacións.

O curso combina vídeos curtos, masterclasses en directo e círculos colaborativos de aprendizaxe. Grazas a estes recursos, as persoas participantes poderán:

- Coñecer e utilizar ferramentas como Microsoft Copilot ou ChatGPT no traballo cotián ou no fogar.
- Aprender a comunicarse coa IA mediante prompt engineering, é dicir, formulando boas preguntas e instrucións claras.
- Aplicar a tecnoloxía de forma ética, responsable e creativa, aproveitando as súas vantaxes sen perder de vista o enfoque humano, comunitario e inclusivo.

A quen está dirixido?

Esta formación está dirixida a profesionais e familias do movemento asociativo de Plena inclusión.

- Podes realizar a túa inscrición especificando que pertences a unha entidade colaboradora.

TODO O ANO

SOLICITA PROXECCIÓN

QUERES PROXECTAR O DOCUMENTAL “O IMPOSIBLE FARASE”?



LIGAZÓNS DE INTERESE:

Solicita interese

Se es responsable dunha entidade de Plena inclusión, ou unha organización externa e interésache proxectar o documental ‘O imposible farase’, podes solicitalo aquí.

As solicitudes de pases do documental “O imposible farase”, realizado por Plena inclusión España e producido por Nora Films, deben realizarse a través do formulario de solicitude dispoñible nesta páxina.

A solicitude debe incluír a **data, lugar da proxección e ao público que estará dirixido**. Unha vez valorada a solicitude, informarase á entidade solicitante e incluirase no calendario de pases privados.

O documental está dispoñible con subtítulos en castelán e inglés e ten unha duración de 40 minutos.

TODO O ANO

ASESORAMENTO SEXOLÓXICO



LIGAZÓNS DE INTERESE:

Dosier informativo

Información en lectura fácil

O "servizo de asesoría sexolóxica" está dirixido a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias, ofrecendo un espazo seguro, confidencial e accesible onde poder falar con liberdade sobre sentimentos, desexos ou inquedanzas. Este recurso permitirá:

- Resolver dúbidas relacionadas coa sexualidade e as relacións afectivas.
- Mellorar o coñecemento sobre o propio corpo e os límites.
- Favorecer relacións máis saudables e respectuosas...

As asesorías desenvolveranse en distintos puntos de Galicia, adaptándose ás necesidades de cada persoa, e contan con horarios flexibles.

Ademais, as tres primeiras sesións son gratuítas.

O prazo para solicitar este servizo permanece aberto durante todo o ano.

TODO O ANO

RESPIRO FAMILIAR 2026



CONSULTA:

Programa 2026

Información na web

Información en lectura fácil

Atender a un familiar con discapacidade intelectual supón invertir unha gran cantidade de tempo e contar con moita dispoñibilidade.

En FADEMGA Plena inclusión Galicia ofrecémosche un servizo a través do cal atendemos ao teu familiar con discapacidade intelectual durante un tempo determinado, para que o resto da túa familia e tí podades dedicalo a diferentes necesidades como obrigas laborais, visitas ao médico ou mesmo para gozar duns días de descanso lecer.

EXISTEN DIFERENTES FORMAS DE RESPIRO

- **Estancias longas**, medias ou de fin de semana. Trátase de estancias de respiro familiar programadas. Durante o ano organizamos diferentes quendas en varias localidades galegas.

- **Estancias sen aloxamento**.Trátase dunha modalidade que ofrecemos cando hai algunha actividade concreta ou encontro organizado pola Federación e destinado a familiares (como o Foro de irmáns ou as Xornadas de familias).

TODO O ANO

PLENA COMPAÑA

“A UNHA CHAMADA DE DISTANCIA”

UN PROXECTO CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA



LIGAZÓNS DE INTERESE:

Información en lectura fácil

Noticia na web

En FADEMGA Plena inclusión Galicia sabemos que ás veces o máis importante é ter a alguén que escoite, sen présa e sen xuízos.

Por iso, poñemos en marcha "Plena Compaña", un novo servizo dirixido a persoas con discapacidade intelectual que se sintan soas, preocupadas ou simplemente necesiten compartir como se atopan.

Este espazo nace co obxectivo de ofrecer acompañamento emocional, apoio cercano e unha conversa sincera cando máis se precisa. Aquí podes falar do que sintes, contar o que che pasa ou, simplemente, conversar cunha persoa que te escoita de verdade.

Como funciona?
O teléfono de atención é o **646 880 823**.

Podes contactarnos nos seguintes horarios:
De luns a xoves: de 10:00 a 13:00 e de 16:30 a 18:00
Venres: de 10:00 a 13:00

Trátase dun servizo gratuito, confidencial e sen cita previa
Porque todas as persoas necesitamos ser escoitadas, Plena Compaña quere estar ao teu carón cando o mundo pesa ou cando simplemente queres falar con alguén.

Un pequeno xesto que pode marcar unha gran diferenza.
Se o precisas, chama.
Estamos para acompañarte!

TODO O ANO

REDE DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA DA FEDERACIÓN



ACCEDE AQUI:

Obxectivos da Rede

Ficha de inscrición para profesionais

Ficha de inscrición para persoas con discapacidade intelectual

Como sabedes, dende a federación estamos comprometidas coa construcción dun mundo máis comprensible, onde todas as persoas podan acceder e comprender a información que nos rodea nos espazos habituais onde facemos vida.

Por elo, queremos darlle un impulso á nosa Rede de Accesibilidade Cognitiva, coa incorporación de novos profesionais e persoas con discapacidade intelectual.

O obxectivo é ampliar este equipo chamado a compartir coñecementos, coordinar accións e realizar proxectos conxuntos que melloren a accesibilidade cognitiva na nosa comunidade.

COMPOSICIÓN DA REDE

A Rede de Accesibilidade Cognitiva de FADEMGA naceu no ano 2020 e está formada por grupos de profesionais das entidades federadas e persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento (mínimo un profesional e unha persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento de cada entidade).

Aquelas persoas interesadas en unirvos, podedes achegar a ficha de inscrición a areasocial@fademga.org

TODO O ANO

REDE DE ASESORAMENTO EN CONDUTA



DESCARGA AQUI:

Información en lectura fácil

Información na web

Ficha de solicitude

Ficha de autorización

Se detectas un problema de conduta grave, cuxo apoio está a ser complexo, podes solicitar información sobre a axuda que che pode ofrecer a Rede escribindo a: asesora.conduta@fademga.org ou chamando ao 698 182 179.

A Rede de Asesoramento en Conduta ten como obxectivo asesorar, fortalecer e colaborar con institucións, organizacións e familias de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, ante situacións condutuais de difícil manexo. Todo elo, dende un enfoque preventivo e centrado na persoa, orientado a mellorar a súa calidade de vida, así como a fortalecer as competencias da súa rede de apoio, promovendo contornas de vida significativas e saudables para todas as persoas implicadas.

COMO TRABALLA A REDE?

O traballo do grupo de profesionais que compón a Rede comeza coa recollida de información. Para elo, realízanse reunións en liña coas diferentes persoas que prestan apoios á persoa con discapacidade intelectual. Indágase sobre a súa traxectoria vital, os seus gustos e preferencias, a súa rutina... Estas reunións adoitan durar entre unha hora / hora e media. Posteriormente, realízanse cuestionarios e/ou rexistros co fin de coñecer con maior profundidade á persoa e a súa conduta.

A partir desta información, acórdanse estratexias e/ou actuacións (o que chamamos un "plan de apoio") para promover cambios que melloren a situación. Nas reunión en liña que organizamos de xeito periódico, faise un seguimento exhaustivo das estratexias, para coñecer se están a funcionar e valorar se é necesario axustalas ou mesmo cambialas.

Tamén cabe a posibilidade de marcar obxectivos que axuden a valorar cando é necesario finalizar o acompañamento e sustituílo por reunións de seguimento.

Outros recursos e publicacións de interese



NOVAS PUBLICACIÓNS DE INTERESE




Barreiras de acceso e permanencia do alumnado con discapacidade itnelectual en formación profesional e necesidades de formación de profesionais

Accede aquí



Boas prácticas en resolucións xudiciais

Descárgao aquí



Trata de mulleres e nenas con discapacidade intelectual en lectura fácil

Descárgao aquí

BIBLIOTECA EN LECTURA FÁCIL

A Biblioteca en Lectura Fácil de FADEMGA Plena inclusión Galicia é un espazo dedicado a facilitar o acceso á lectura e ao coñecemento a persoas con dificultade de comprensión lectora.

Cunha ampla colección de libros adaptados, a biblioteca promove a inclusión e a autonomía das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, ofrecéndolles materiais que favorecen a súa comprensión e goce da lectura.

Nesta ligazón podedes consultar o catálogo

Solicitade aquí os vosos exemplares.





AXUDAS E SUBVENCIÓNS

Na nosa sección de Axudas e Subvencións podes acceder ás últimas ofertas de axudas e subvencións dispoñibles para apoiar a diferentes proxectos e iniciativas.

Aquí atoparás información actualizada sobre as mellores oportunidades para financiar actividades, programas e servizos que fomenten a inclusión e o benestar das persoas con discapacidade intelectual. Non deixes de consultar esta sección para estar ao día das novas convocatorias e requisitos.

Podes consultalas seguindo esta ligazón

FORMACIÓN

Na nosa web podes atopar de maneira sinxela toda a programación de accións formativas dirixidas a persoas con discapacidade intelectual, profesionais, familias e voluntariado.
A través dos filtros e etiquetas dispoñibles poderás buscar formacións segundo o tipo de público, a temática ou a modalidade, e atopar toda a información necesaria para inscribirte.

Consulta aquí as ofertas en vigor





FADEMGA

Plena inclusión Galicia

Falamos nas redes!

www.fademga.org